

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 2020/2021

**Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa
relativas a súa saúde sexual: un proxecto de Investigación
Cualitativa**

Fátima Mato Jamardo

Directora: Dra. Dona Carla Freijomil Vázquez

AGRADECEMENTOS

En primeiro lugar, agradecer á miña titora, Carla Freijomil Vázquez toda a axuda, apoio e dedicación que me dou durante todos estes meses de traballo.

Grazas á miña familia e aos meus amigos, especialmente a meus pais por crer en min en todo momento e permitirme cumprir o soño que dende pequena quería, ser enfermeira. Grazas por apostar por min sempre, sen eles isto non sería posible. Aos meus/miñas compañeiros/as cos que tantos momentos compartimos xuntos, e en especial a aquelas que se converteron en máis que compañeiras, Lucía, Sonia e Soraya, amigas que quedarán para sempre. A Pablo, a miña parella, que viviu de primeira man comigo as miñas preocupacións e as miñas alegrías. Grazas por todo o apoio que me dou.

Finalmente agradecerlle eternamente á Enfermaría por darme a oportunidade de namorarme cada día máis desta profesión que tanto admiro e por permitirme converterme na muller que sempre quixen ser.

ÍNDICE

AGRADECEMENTOS	2
1 RESUMO E PALABRAS CLAVE (Galego)	5
2 RESUMEN Y PALABRAS CLAVE (Castelán)	5
3 ABSTRACT AND KEYWORDS	6
4 LISTADO DE ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS	7
5 ATECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	8
5.1 O climaterio e a menopausa	8
5.2 Vivencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa	9
5.3 Afectación do climaterio e a menopausa na sexualidade das mulleres	10
5.4 A necesidade da abordaxe da saúde sexual das mulleres durante o climaterio e a menopausa nos servizos de saúde	11
5.5 Problema de investigación	12
5.6 Xustificación e aplicabilidade	13
5.7 Pregunta de investigación	14
6 ESTRATEXIA DE BÚSQUEDA	14
7 BIBLIOGRAFÍA MÁIS RELEVANTE	16
8 HIPÓTESE	17
9 OBXECTIVOS	17
9.1 Obxectivos Xerais	17
9.2 Obxectivos Específicos	17
10 METODOLOXÍA	18
10.1 Deseño	18
10.2 Ámbito de estudo	18
10.3 Poboación de estudo	20
10.4 Selección de participantes	20
10.5 Entrada ao campo	21
10.6 Posición da investigadora	22

10.7	Variables sociodemográficas	22
10.8	Recollida de datos	23
10.9	Análise de datos	24
10.10	Rigor metodolóxico	25
10.11	Limitacións do estudo	26
11	PLAN DE TRABALLO	27
12	ASPECTOS ÉTICOS	28
13	PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS	30
14	FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN	35
14.1	Recursos necesarios	35
14.2	Posibles fontes de financiación	36
15	REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	37
16	ANEXOS	43
16.1	Anexo I: Listado de táboas	43
16.2	Anexo II: Documento Investigador/a-Colaborador/a	44
16.3	Anexo III: Folla informativa (Galego)	45
16.4	Anexo III: Hoja informativa (Castelán)	49
16.5	Anexo IV: Consentimento informado (Galego)	53
16.6	Anexo IV: Consentimiento informado (Castelán)	54
16.7	Anexo V: Entrevista (Galego)	55
16.7	Anexo V: Entrevista (Castelán)	57
16.8	Anexo VI: Carta de presentación de documentación ao CAEI de Galicia	59
16.9	Anexo VII: Solicitud de la Dirección de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol	59
16.10	Anexo VIII: Documento de cesión de datos persoais (Galego)	61
16.10	Anexo VIII: Documento de cesión de datos personales (Castelán)	62

1 RESUMO E PALABRAS CLAVE (Galego)

Introdución: Toda muller pasa por unha serie de fases no seu ciclo vital que producirán cambios significativos en ela. Antes do cese total da menstruación, iniciase unha nova etapa: o climaterio. Comprende o período no que transcorren os últimos anos de fertilidade e continua ata 2-6 anos despois da derradeira menstruación. A pesar de ser un proceso natural dentro do ciclo vital, connota frecuentemente un significado negativo por diferentes motivos, afectando á súa saúde física, mental, social e sexual.

Obxectivo xeral: Explorar as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa con respecto á súa saúde sexual

Metodoloxía: investigación cualitativa, con perspectiva fenomenolóxica en mulleres de mediana idade que se encontran na etapa do climaterio ou na menopausa da Área Sanitaria de Ferrol. As participantes seleccionáronse mediante mostreo intencionado. Levaranse a cabo entrevistas semi-estructuradas que serán gravadas e transcritas e realizarase a análise de datos mediante o método de Colazzi.

Palabras clave: climaterio, menopausa, saúde sexual, experiencias.

2 RESUMEN Y PALABRAS CLAVE (Castelán)

Introducción: Toda mujer pasa por una serie de fases en su ciclo vital que producirán cambios significativos en ella. Antes del cese total de la menstruación, se inicia una nueva etapa: el climaterio. Comprende el período en el que transcurren los últimos años de fertilidad y continua hasta 2-6 años después de la última menstruación. A pesar de ser un proceso natural dentro del ciclo vital, connota frecuentemente un significado negativo por diferentes motivos, afectando a su salud física, mental, social y sexual.

Objetivo general: Explorar las experiencias de las mujeres durante el climaterio y la menopausa con respecto a su salud sexual.

Metodología: investigación cualitativa con perspectiva fenomenológica en mujeres de mediana edad que se encuentran en la etapa del climaterio o la menopausa del Área Sanitaria de Ferrol. Las participantes se seleccionarán mediante muestreo intencionado. Se

realizarán entrevistas semi-estructuradas que serán grabadas y transcritas y se hará el análisis de datos mediante el método de Colazzi.

Palabras clave: climaterio, menopausia, salud sexual, experiencias.

3 ABSTRACT AND KEYWORDS

Introduction: Every woman goes through a series of phases in her life cycle that will produce significant changes in her. Before the complete cessation of menstruation, a new stage begins: the climacteric. This is the period during the last years of fertility and continues until 2-6 years after the last menstrual period. Despite being a natural process within the life cycle, it often connotes a negative meaning for different reasons, affecting their physical, mental, social and sexual health.

Overall objective: To explore women's experiences during the climacteric and menopause with regard to their sexual health.

Methodology: Qualitative research with a phenomenological perspective on middle-aged women in the climacteric or menopausal stage in the Ferrol Health Area. Participants will be selected by means of purposive sampling. Semi-structured interviews will be conducted, recorded and transcribed, and data analysis will be carried out using Colazzi's method.

Keywords: climacteric, menopause, sexual health, experiences.

4 LISTADO DE ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

AEEM	Asociación Española para o Estudo da Menopausa
CAEI	Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia
CIE	Consello Internacional de Enfermeiras
CV	Calidade de Vida
DeCS	Descritores en Ciencias da Saúde
DSF	Disfunción Sexual Feminina
FEP	Facultade de Enfermaría e Podoloxía
FI	Factor de Impacto
FSH	Hormona foliculoestimulante
IMS	International Menopause Society
LH	Hormona luteinizante
MeSH	Medical Subject Headings
OMS	Organización Mundial da Saúde
PICO	Paciente-Intervención-Comparar-Resultado
SAP	Servizo de Atención Primaria
SERGAS	Servizo Galego de Saúde

5 ATECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

5.1 O climaterio e a menopausa

Toda muller pasa por unha serie de fases no seu ciclo vital que producirán cambios significativos en ela. Antes do cese total da menstruación, van a dar comezo unha serie de modificacións que marcarán o inicio dunha nova etapa: o climaterio ^{1,2}.

O climaterio comprende o período no que transcorren os últimos anos de fertilidade. Nesta etapa prodúcese o paso progresivo do estado reprodutivo fértil da vida ao non reprodutivo como consecuencia do esgotamento folicular. Comeza aproximadamente uns 2-8 anos antes da data da menopausa ata 2-6 anos despois da derradeira menstruación. ¹

Durante este período, podemos diferenciar as seguintes fases:

- **Premenopausa:** período comprendido dende o inicio dos síntomas climatéricos ata a aparición da menopausa. Dura aproximadamente entre 2-6 anos e pode cursar con sintomatoloxía. ¹
- **Perimenopausa:** defínese como o período que precede á menopausa dende que se inicia a sintomatoloxía (clínica, biolóxica e endocrinolóxica) indicativa da aproximación da menopausa, e o primeiro ano tras a menopausa. Inclúe así a transición menopáusica e os primeiros 12 meses da menopausa. Soe ir acompañado de irregularidades na menstruación e no fluxo. ²
- **Posmenopausa:** período posterior á menopausa ata o fin da vida da muller ².

A menopausa, segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), defínese como o cese permanente da menstruación debida a perda total da actividade ovárica. Prodúcese ó redor dos 51 anos e marca o final da etapa reprodutiva das mulleres ³.

Esta situación leva asociadas modificacións endocrinolóxicas, especialmente un déficit de estradiol e un aumento da hormona folículoestimulante (FSH) e da hormona luteinizante (LH). O período de transición dende a etapa fértil da muller ata a menopausa caracterízase pola perda de actividade ovárica, da fertilidade e a alteración dos ciclos menstruais e a aparición de síntomas vasomotores e uroxeñitais ¹.

A transición menopáusica e a diminución dos estróxenos resultan en múltiples cambios fisiolóxicos nos órganos e tecidos os cales dependen destas hormonas sexuais para o seu

adecuado funcionamento. Tamén participan en múltiples procesos metabólicos, así como a promoción dos depósitos de calcio na matriz ósea. Teñen acción trófica sobre a pel, favorecendo o desenvolvemento das fibras elásticas e, no sistema nervioso central, activan as catecolaminas, a dopamina, a noradrenalina e as endorfinas ⁴.

A súa idade de presentación sitúase entre os 45 e os 55 anos, cunha media ó redor dos 51, tanto na poboación mundial como no noso país. Cando a menopausa aparece antes dos 40 anos definímola como menopausa precoz ¹.

Aínda que non é unha patoloxía, provoca na maioría das mulleres un deterioro da súa calidade de vida (CV) así como signos e síntomas que alteran a súa dinámica laboral e social: síntomas vasomotores, vaxinais, urinarios, cambios no estado de ánimo, trastornos cognitivos, dor muscular e articular, cambios na pel, aumento de peso e disfuncións sexuais ⁴.

5.2 Vivencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa

Co aumento da esperanza de vida, un terzo da vida dunha muller transcorre despois da menopausa. Actualmente, un 75% das mulleres chegadas é mediana idade presentará o síndrome climatérico e, a OMS prevé que en poucos anos unas 750 millóns de mulleres padecerán este síndrome a nivel mundial ⁵.

A pesar de que a menopausa é un proceso normal na vida de toda muller, connota un significado frecuentemente negativo por diferentes motivos, xa que está relacionada co cese da función reprodutiva e os cambios físicos que experimentan estas mulleres producen un impacto na súa propia imaxe e nas súas vidas ^{6,7}. Ademais, o climaterio é para as mulleres un período descoñecido e un termo tabú, asociado co cese da xuventude, da beleza e do desexo sexual ^{6,8}. A visión do climaterio depende do grupo cultural no que se defina, xa que segundo os valores culturais e sociais varía o seu significado. En occidente, as mulleres ven o climaterio como o medo ó envellecemento, á perda da súa categoría social e á mingua da sexualidade e a aparición de enfermidades asociadas á idade ⁵.

As repercusións sociais que aparecen no climaterio como a maior responsabilidade no coidado de familiares, as preocupacións económicas e laborais, os problemas familiares e

a escasa participación social das mulleres son causas que potencian a aparición de síntomas psicolóxicos asociados ao climaterio⁵. A sensación de abandono por parte dos fillos e a falta de comprensión da parella poden ser factores estresantes que poden desencadear en episodios depresivos. Polo tanto, fan que o apoio familiar e social sexa un factor a demanda destas mulleres para unha mellor comprensión desta etapa^{6,9,10}.

Aínda que os aspectos psicolóxicos inflúen significativamente, a sintomatoloxía física tamén cobra unha gran importancia nesta etapa, sendo os síntomas vasomotores influentes. As mulleres destacan o aumento de peso, a sudoración profusa e, como consecuencia disto, as alteracións no descanso nocturno^{6,7}.

Igualmente, a pesar de que a maioría das mulleres teñen unha visión negativa desta etapa, outras destacan aspectos positivos como o cese da menstruación, o temor ós embarazos non desexados e o logro da maioría da idade dos fillos⁹.

5.3 Afectación do climaterio e a menopausa na sexualidade das mulleres

Segundo a OMS, a saúde sexual defínese como: “un estado de benestar físico, mental e social en relación coa sexualidade”. A transición da vida fértil á menopausa pode afectar significativamente ás relacións sexuais e á resposta sexual normal.^{5,6} A sexualidade é un compoñente importante na vida de toda muller pero existen factores biolóxicos, emocionais, hormonais, sociais e xenéticos que poden influír na función sexual feminina e, polo tanto, na súa vida sexual¹².

A disfunción sexual feminina (DSF) afecta especialmente á calidade de vida e á autoestima das mulleres, o que provoca, consecuentemente, angustia emocional e problemas de relación coas súas parellas¹².

A maioría de estudos realizados sobre este tema abordan os cambios da vida sexual das mulleres de mediana idade dende unha perspectiva negativa. Neles, as mulleres destacan a diminución da frecuencia das relacións sexuais e do desexo sexual, sequedade vaginal e dificultades para alcanzar o orgasmo. A diminución da actividade sexual provoca nas mulleres sentimentos de frustración e desconformidade^{5,6,13,14}. A aparición de problemas físicos e psicosociais atribuídos á menopausa, así como o estrés, as obrigas familiares e laborais, o esgotamento xerado pola adquisición de numerosos roles sociais (filla, nai,

traballadora, esposa, etc), os cambios na imaxe corporal e na relación coa súa parella, son os principais factores que afectan negativamente na súa saúde sexual ^{5,6,8,9,14-17}.

Outro factor identificado polas mulleres foi a condición das súas parellas, xa que a medida que eles tamén avanza cara a terceira idade, provoca unha diminución do desexo sexual pola súa parte, tanto pola idade como polos problemas de saúde que presentan ^{6,14}.

Referido os cambios na imaxe corporal que experimentan, a maioría das mulleres climatéricas perciben esta etapa como a perda da xuventude, o que conleva a unha perda do atractivo físico, do benestar consigo mesmas e á diminución do desexo sexual ^{8,15}.

Polo contrario, outros artigos publicados reflexan a visión positiva por parte dalgunhas mulleres deste período, destacando a ausencia da menstruación e a imposibilidade de embarazo ^{8,9,16}. Da mesma maneira, unhas mulleres relatan ter unha vida sexual máis activa nesta etapa, e outras que, a pesar da diminución da frecuencia das relacións sexuais, séntense igual ou incluso máis satisfeitas que cando eran máis novas. Esta situación débese á forte conexión emocional coas súas parellas, o que favorece a expresión das súas necesidades sexuais e coñecer tamén as da outra persoa. Isto é debido, segundo elas relatan, ao afianzamento da relación ao longo dos anos e á conexión con elas mesmas, xa que comprenden mellor o seu corpo a medida que envellecen. Igualmente, destacan a diminución de cargas e preocupacións familiares (coidado de nenos pequenos) ^{6,14,15,17}.

5.4 A necesidade da abordaxe da saúde sexual das mulleres durante o climaterio e a menopausa nos servizos de saúde

Segundo varios estudos, a maioría das mulleres climatéricas non perciben todo o apoio necesario por parte dos profesionais da saúde ^{6,8}.

As mulleres necesitan saber con certeza cal é a sintomatoloxía deste período e as opcións de tratamento para as modificacións que os seus corpos están vivindo. A escoita das súas inquedanzas e dos seus medos é clave para poder auxilialas para superar os problemas deste período. Requiren unha atención médica baseada na particularidade e diferenciación, dentro dun espazo de confianza, confidencialidade e seguridade no cal se sintan orientadas e correctamente asesoradas ⁶.

Dous estudos destacan o escaso papel da Enfermaría dentro da atención á muller climatérica. As enfermeiras desempeñan un papel importante na avaliación e no manexo dos cambios do envellecemento co fin de mellorar a saúde sexual das mulleres de mediana idade. Por isto, a figura da/do enfermeira/o debería de estar perfectamente representada na atención a estas mulleres en coordinación con outros profesionais da saúde (matronas/matróns, médicos/as de familia ou xinecólogos/as) para así desenvolver medidas que atendan as súas necesidades e a promoción de estilos de vida saudables ^{8,9}.

Tamén cabe destacar a importancia da promoción de grupos psicoeducativos e de espazos de escoita nos servizos de saúde. Neles, as mulleres poden compartir as súas experiencias e enriquecerse doutras para así ter unha mellor comprensión sobre esta etapa ⁸. Dentro destes grupos, destacan a terapia cognitivo-conductual, xa que demostrou ser unha medida eficaz na que as mulleres comparten dunha maneira máis aberta as súas preocupacións, tanto a nivel físico, como psicolóxico ou sexual. En moitas mulleres, estes temas provocan un sentimento de vergoña que as impide compartir estes sentimentos en outro tipo de intervencións ^{8,9,14,18,19}.

Os estigmas sociais actuais dan unha visión maioritariamente negativa do climaterio. As mulleres perciben esta etapa como a perda da súa xuventude, da feminidade e da sexualidade. A causa disto, é moi importante recoñecer esta fase como unha etapa máis na vida de toda muller por parte dos profesionais sanitarios ^{8,15}.

5.5 Problema de investigación

Tras realizar a revisión da bibliografía detectouse que o climaterio e a menopausa provocan un impacto tanto positivo como, especialmente negativo, na saúde sexual das mulleres. Tanto dentro do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) como a nivel nacional a través do Ministerio de Sanidade, existen Guías de Práctica Clínica de atención integral á muller que recollen o proceso asistencial de atención no climaterio ^{1,2}. Estas guías baséanse na abordaxe de síntomas vasomotores e vaxinais así como na educación sanitaria durante esta etapa, pero non ofrecen unha atención individualizada axustada ás necesidades reais das mulleres. Os profesionais da saúde de atención primaria, especialmente as/os enfermeiras/os especialistas en xinecoloxía e obstetricia (matronas/matróns) debido á súa formación e competencias, deberían liderar estas liñas de traballo.

5.6 Xustificación e aplicabilidade

O obxectivo deste estudo é explorar as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual. Con este estudo preténdese inquirir as necesidades de información que teñen as mulleres durante o climaterio e a menopausa con respecto á súa sexualidade e como perciben a abordaxe deste tema por parte dos profesionais da saúde (médicos/as de familia, matronas e matróns, xinecólogos/as) nas consultas de atención primaria e especializada.

Desta maneira, poderemos abordar o tema dende a perspectiva das propias mulleres para así coñecer cales son as súas experiencias relacionadas co autocoidado da súa saúde sexual e como perciben o asesoramento e a asistencia recibida por parte dos profesionais da saúde. Asimesmo, tamén poderemos detectar as debilidades existentes na asistencia sanitaria que reciben e propoñer cambios tendo en conta a súa perspectiva.

A pertinencia de levar a cabo este estudo xurde por varios motivos. En primeiro lugar, é pertinente a nivel teórico porque non se realizaron previamente estudos que abordasen as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual no noso contexto. Por tanto, este estudo aportará un novo coñecemento á literatura científica existente. En segundo lugar, é pertinente a nivel social, xa que os resultados do estudo permitirán deseñar estratexias asistenciais que aportarán beneficios a este grupo social, favorecendo a súa calidade de vida e a mellora nas súas relacións sexuais. A disfunción sexual feminina é un problema de saúde pública, e polo tanto é necesario que se trate como tal. Por último, é pertinente a nivel profesional, xa que os resultados obtidos permitirán deseñar coidados holísticos axustados ás necesidades reais das mulleres durante o climaterio e a menopausa, mellorando así a calidade asistencial.

5.7 Pregunta de investigación

A pregunta de investigación estruturouse segundo o acrónimo PICO:

- Doente (**P**) características: as mulleres durante o climaterio e a menopausa
- Intervención (**I**) a considerar: intervención exploratoria.
- Comparar (**C**) con outra intervención: non procede polo tipo de deseño do estudo.
- Resultado (**O**) de interés a valorar: descrición das experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual na Área Sanitaria de Ferrol.

Polo tanto, a pregunta de investigación deste estudo é a seguinte: cales son as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual na Área Sanitaria de Ferrol?

6 ESTRATEXIA DE BÚSQUEDA

Para realizar a busca bibliográfica seleccionáronse as palabras clave na Enciclopedia médica MedlinePlus (termos MESH (Medical Subject Headings)) e o tesouro DeCS (Descritores en Ciencias da Saúde).

A procura bibliográfica levouse a cabo en diferentes bases de datos: CINHALL, Dialnet, Lilacs, PsyCINFO, PubMed, Scopus e Web Of Science. Utilizáronse limitadores temporais dos últimos cinco anos, ademais de acotar a busca a aqueles documentos en español, inglés e portugués. Desta maneira, na base de datos Scopus seleccionouse a opción de filtrar os artigos por área temática (enfermaría e medicina). Tamén cabe destacar que en Web of Science puidéronse excluír os artigos incluídos en Medline para así evitar a duplicidade de documentos. A estratexia de busca mostrase na táboa I:

Táboa I: Estratexia de busca bibliográfica

Bases de datos	Búsqueda	Filtros	Resultados
DIALNET	("menopausia" OR "climaterio") AND ("salud sexual" OR "comportamiento sexual" OR "vivencias" OR "experiencias")	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos 	73
CINHAL	"menopause OR premenopause OR menopause, premature AND sexual behavior OR emotions OR adaptation, psychological"	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos Idioma: español e inglés Idade: 45-64 e +65 	153
LILACS	(mh:(menopause)) AND (ti:(sexual health))	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos 	20
SCOPUS	TITLE-ABS-KEY (menopause) OR TITLE-ABS-KEY (menopause, premature) OR TITLE-ABS-KEY (premenopause) AND TITLE-ABS-KEY (adaptation, psychological) OR TITLE-ABS-KEY (emotions) OR TITLE-ABS-KEY (sexual behavior)	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos Área temática: enfermaría e medicina Idioma: español, inglés e portugués 	478
PubMed	((menopause[MeSH Terms] OR menopause, premature[MeSH Terms] OR premenopause[MeSH Terms]) AND sexual behavior[MeSH Terms]) AND (adaptation, psychological[MeSH Terms] OR emotions[MeSH Terms] OR behavior)	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos 	170
PsyCINFO	ti(menopause) OR ti(menopause, premature) OR ti(premenopause) OR ti(postmenopause) AND ti(adaptation, psychological) OR ti(sexual behavior)	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos Idiomas: español, inglés e portugués Grupo de idade: 40-64 anos e +65 	375
Web Of Science	TS=("menopause" OR "menopause, premature" OR "premenopause" OR "postmenopause") AND TS=("adaptation, psychological" OR "emotions" OR "sexual behavior")	<ul style="list-style-type: none"> Últimos 5 anos Idiomas: español, inglés e portugués Excluindo: Medline 	9

7 BIBLIOGRAFÍA MÁIS RELEVANTE

Táboa II: Bibliografía máis relevante

Referencia bibliográfica	Motivo de elección
Lema L del PL, Logroño IN. Impacto del síndrome climatérico en la función sexual. La Ciencia al Servicio de la Salud. 2018;8(2):36-44	Revisión bibliográfica sobre o impacto do síndrome climatérico sobre a función sexual e a calidade de vida das mulleres
Vargas-Fandiño ÁJ, Leal-Vargas EH, Castillo-Zamora MF, Restrepo-Castro OI, Zambrano-Vera ME, Plazas-Vargas M. Percepción de la menopausia y la sexualidad en mujeres adultas mayores en dos hospitales universitarios de Bogotá, Colombia, 2015. Rev Colomb Obstet Ginecol. 2016;67(3):197.	Estudo cualitativo fenomenolóxico sobre a percepción da menopausa e a descrición das experiencias da sexualidade nesta etapa
Zanotelli SS, Ressel LB, Borges ZN, Junges CF, Sanfelice C. Experiences of women about climacteric in a unit of family health. Revista de Pesquisa: Cuidado é fundamental online. 2012;4(1):2800-11.	Estudo cualitativo que aborda as experiencias das mulleres durante o climaterio
Maciel MR, Lima GTC de, Conde MC, Parauta TC, Saldanha BL, Lemos A. Demandas de mulheres no climatério na Estratégia Saúde da Família: estudo descritivo. Online braz j nurs (Online) [Internet]. 2018 [consultado 9 de febreiro de 2021]; Disponível en: http://www.objnursing.uff.br/index.php/nursing/article/view/6135/html	Investigación de carácter descritivo con abordaxe cualitativa que trata sobre as principais demandas das mulleres no climaterio
Thomas HN, Hamm M, Hess R, Thurston RC. Changes in sexual function among midlife women: "I'm older... and I'm wiser." Menopause. 2018;25(3):286-92.	Estudo cualitativo fenomenolóxico no que se describen os cambios negativos e positivos na función sexual das mulleres durante o climaterio
Javadivala Z, Merghati-Khoei E, Underwood C, Mirghafourvand M, Allahverdipour H. Sexual motivations during the menopausal transition among Iranian women: a qualitative inquiry. BMC Womens Health [Internet]. 2018 [consultado 7 de febreiro de 2021];18. Disponível en: https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC6260987/	Estudo cualitativo fenomenolóxico no que describen as experiencias a nivel sexual das mulleres iraníes durante o climaterio
Almeida M de JS de, Peixoto C, Ribeiro TT de SB, Silva LM da, Veras AB. Terapia cognitivo-comportamental em grupo para a disfunção sexual na pós-menopausa. J bras psiquiatr. 2018;67(4):231-8.	Estudo cualitativo no que se aborda a efectividade da terapia cognitivo-conductual en mulleres climatéricas con disfunción sexual

8 HIPÓTESE

Os estudos cualitativos buscan explorar as experiencias, os pensamentos, os comportamentos os hábitos e as percepcións das persoas dende a súa propia perspectiva. As hipóteses raramente se establecen antes de acceder ao campo e comezar a recollida de datos. Pode ocorrer que a medida que a investigación avanza, aparezan novos elementos que deberían ter sido considerados, o cal obriga á reformulación e o rebrandexamento do problema da investigación ²⁰.

Por este motivo, en investigación cualitativa non se parte dunha hipótese preestablecida, senón que se se parte dunha idea xeral para realizar o estudo: as mulleres durante o climaterio e a menopausa comparten as experiencias e vivencias similares á súa saúde que non son abordadas de forma eficaz polos profesionais sanitarios. Con este estudo preténdese describir as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual e analizar o impacto persoal e social desta etapa ²⁰.

9 OBXECTIVOS

9.1 Obxectivos Xerais

Explorar as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa con respecto á súa saúde sexual.

9.2 Obxectivos Específicos

- Coñecer o impacto do climaterio e a menopausa na sexualidade das mulleres dende a súa propia perspectiva.
- Describir as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa en relación ao asesoramento e atención recibida polos profesionais sanitarios en atención primaria e especializada con respecto á súa saúde sexual.
- Identificar as necesidades de información das mulleres durante o climaterio e a menopausa sobre a sexualidade e as súas fontes de información.

10 METODOLOXÍA

10.1 Deseño

A metodoloxía empregada para a realización deste estudo será a investigación cualitativa. Búscanse empiricamente as respostas das experiencias vividas e das situacións cotiás, a través da comprensión e a representación das perspectivas dos/das participantes buscando unha reconstrución interpretativa de sentidos e significados complexos ^{21,22}.

Para acadar os obxectivos deste estudo utilizarase un enfoque metodolóxico de tipo fenomenolóxico. Este, fundamentase no estudo das experiencias vividas respecto a un suceso, dende a perspectiva do propio/a individuo/a ²³.

Na investigación fenomenolóxica xurde un tema a investigar que forma parte do propio/a investigador/ra, unha inquietude que pode xurdir da propia práctica da Enfermaría. Cando a problemática é abordada dende a perspectiva do suxeito que experimenta as vivencias, daráselle un significado na súa relación contextual ²⁴.

Deste xeito, este enfoque permitirá explorar as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa con relación á súa saúde sexual.

10.2 Ámbito de estudo

Segundo os datos da memoria 2018 da Área Sanitaria de Ferrol, esta área presta atención sanitaria a unha poboación de 190.458 persoas, das cales 85.162 son homes e 93.098 son mulleres ²⁵.

O complexo está formado polo Hospital Arquitecto Marcide, o Hospital Novoa Santos, o Hospital Básico de Defensa e o centro de Especialidades, o cal está integrado dentro do Hospital Arquitecto Marcide na súa zona oeste. É un centro de dependencia patrimonial pública pertencente á rede asistencial do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), Consellería de Sanidade e Xunta de Galicia. Ademais, dentro da demarcación da área de Ferrol atópase o Hospital Juan Cardona, que pertence á congregación do Santo Hospital de Caridade, con 120 camas concertadas co SERGAS segundo as necesidades ²⁵.

Esta área sanitaria conta coa unidade de Xinecoloxía e Obstetricia na cal se presta atención especializada á muller. A atención especializada complementábase coa prestada dentro dos centros de Atención Primaria. Na Área Sanitaria de Ferrol existen actualmente 15 unidades funcionais de psicoprofilaxe-obstétrica atendidas por 13 matronas ²⁵.

Táboa III: Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol con unidades de psicoprofilaxe-obstétrica

SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA (SAP)	CENTROS DE SAÚDE
SAP As Pontes de García Rodríguez	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde das Pontes de García Rodríguez
SAP Cedeira	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Cedeira
SAP Fene	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Ares • Centro de Saúde da Capela • Centro de Saúde de Fene • Centro de Saúde de Mugar dos
SAP Fontenla M.-A	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Fontenla Maristany
SAP Narón	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Narón • Centro de Saúde de Neda • Centro de Saúde de Valdoviño
SAP Ortigueira	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Cariño • Centro de Saúde de Ortigueira
SAP Pontedeume	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de Cabanas • Centro de Saúde de Pontedeume
SAP San Sadurniño	<ul style="list-style-type: none"> • Centro de Saúde de San Sadurniño

10.3 Poboación de estudo

Mulleres de mediana (45-65 anos) que estean na etapa do climaterio e/ou a menopausa pertencentes á Área Sanitaria de Ferrol.

10.4 Selección de participantes

Ao tratarse dun estudo cualitativo, o tamaño da mostra non se coñece ao inicio, senón cando a análise de datos culmina. O tamaño da mostra defíneo a calidade e a cantidade de información recibida, polo que, o que determina a cesión da captación dos/as participantes é a saturación de datos. A mostra é suficiente cando a información se repite, é redundante e non aporta aspectos novos ^{26,27}. A previsión da mostra inicial será de 20 participantes.

Os participantes seleccionaranse mediante o mostreo intencionado, baseado en obter o mellor perfil de informantes para acadar os obxectivos do estudo mediante o establecemento previo duns criterios de inclusión e exclusión ²⁷.

Táboa IV: Criterios de inclusión e de exclusión

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
<ul style="list-style-type: none"> - Mulleres que se encontran na etapa da menopausa ou climaterio - Mulleres con idade comprendida entre 45-65 anos - Mulleres que pertenzan á Área Sanitaria de Ferrol 	<ul style="list-style-type: none"> - Mulleres que presenten patoloxías físicas ou psíquicas que puideran alterar a experiencia da menopausa ou climaterio - Mulleres que non firmen o consentimento informado

10.5 Entrada ao campo

Para a realización deste estudo solicitarase permiso ó Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia (CAEIG) (ver formulario oficial no anexo VI). Unha vez teñamos o informe favorable do CAEIG será necesario solicitar o permiso de acceso ao campo por parte da Dirección de Procesos da Área Sanitaria de Ferrol e por parte da Dirección dos diferentes Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol que dispoñan de unidades de psicoprofilaxe-obstétrica (ver ámbito de estudo).

Unha vez obtidos os permisos anteriormente mencionados, a investigadora principal contactará persoalmente coas/cos matronas/matróns que traballan nas diferentes unidades de psicoprofilaxe-obstétrica dos Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol e solicitará a súa colaboración como porteiras. As/os matronas/matróns que acepten colaborar, explicarán o estudo ás potenciais participantes (que deberán cumprir cos criterios de inclusión e exclusión preestablecidos) durante as consultas e entregaránlles un documento (anexo VIII) no que cederán o seu teléfono para que a investigadora poida contactar con elas.

10.6 Posición da investigadora

Como investigadora principal deste estudo farei una breve reflexión sobre como a miña formación académica e as miñas vivencias persoais influíron á hora de seleccionar a temática do meu traballo de fin de grao.

Ao longo do grao en Enfermería recibín formación sobre os cuidados ás mulleres durante as diferentes etapas da súa vida e fíxenme consciente da falta da abordaxe durante as consultas de Xinecoloxía e Obstetricia das preocupacións das mulleres sobre a súa saúde sexual durante o climaterio e a menopausa.

Con relación ás miñas experiencias persoais, tras observar principalmente dentro do meu núcleo familiar ás mulleres que se atopan no climaterio ou na menopausa, atopei carencias no asesoramento e no tratamento por parte dos profesionais da saúde. Unhas non foron capaces de solicitar asistencia, pola vergoña que senten e pola falta de confianza no persoal sanitario. Outras que si foron asesoradas, reflexan que as súas inquedanzas non foron resoltas con claridade dentro das consultas das matronas.

Polo tanto, o meu papel como investigadora será guiar a entrevista cara o obxectivo do estudo animando ás participantes para que se expresen libre e abertamente e expoñan as súas experiencias relativas á súa saúde sexual durante esta etapa no seu ciclo vital.

10.7 Variables sociodemográficas

Durante a realización do estudo teranse en conta como posibles variables:

- Idade
- Sexo
- Número de fillos/as
- Debut climaterio/menopausa
- Parella
- Estado civil

10.8 Recollida de datos

Como técnica de recollida de datos empregaranse as entrevistas individuais semi-estructuradas. Estas guíanse por un conxunto de preguntas e cuestións básicas a explorar, pero nin a redacción exacta nin a orde das preguntas está predeterminado (ver anexo V: guiión da entrevista semi-estructurada). As entrevistas levaranse a cabo de maneira presencial, xa que neste tipo de estudos ten gran valor recoller a información sobre a comunicación non verbal da persoa entrevistada ²⁸.

As citas para a realización das entrevistas concretaranse tendo en conta a dispoñibilidade das participantes e levaranse a cabo no Laboratorio de Investigación Cualitativa en Ciencias da Saúde (LICCs) localizado na Facultade de Enfermaría e Podoloxía, entre os meses de novembro do 2021 e febreiro do 2022. Antes da realización das mesmas, a investigadora principal explicarlle á potencial participante os detalles do estudo e resolverá as súas dúbidas para que poida decidir libremente a súa colaboración. Neste momento entregaránselle a folla informativa (anexo III) e o consentimento informado (anexo IV) que deberán ser firmados previamente á entrevista.

As entrevistas faranse de forma individual, terán unha duración aproximada dunha hora e gravaranse en formato audio para a súa posterior transcripción e análise.

A cada participante asignaráselle un código alfanumérico (EX) para posteriormente nomear así cada transcripción das entrevistas e deste xeito conservar o anonimato e a confidencialidade.

Plan de contingencia debido á situación sanitaria producida polo COVID-19: de non ser posible a presencialidade, as entrevistas semi-estructuradas realizaranse a través da plataforma Teams, e serán gravadas en imaxe e son, e posteriormente transcritas.

10.9 Análise de datos

Levarase a cabo unha análise de contido, que é o proceso de identificación, codificación e categorización dos principais eixes de significado subxacente nos resultados. Vai máis alá da descrición dos compoñentes obvios e visibles dos datos (contido manifesto) para interpretar, realizar unha abstracción dos datos accedendo así ao significado oculto dos mesmos (contido latente) ²⁹

Os datos analizaranse mediante a teoría fenomenolóxica de Colaizzi, no cal se organizan as unidades de significados percibidos e agrúpanse entre si. Despois de varias lecturas e análises desvélese o fenómeno ³⁰. Este método consta de 7 fases ³¹:

1. **Familiarización:** escoitaranse todas as gravacións varias veces para familiarizarnos cos datos.
2. **Identificar declaracións significativas:** escóitanse por segunda vez as gravacións das entrevistas e realízase a transcripción literal das mesmas. O investigador engade notas de campo recollidas durante as entrevistas que teñan relevancia directa para o fenómeno investigado.
3. **Formulación de significados:** comprensión das transcripcións tras unha lectura en profundidade e identificaranse os significados pertinentes ó fenómeno estudado.
4. **Redución:** suprímense os datos que non se adaptan os obxectivos do estudo.
5. **Codificación:** a cada frase/parágrafo que reflexe unha idea asínaselle un código, que posteriormente será definido.
6. **Categorización:** este proceso consistirá na agrupación de códigos en categorías e temas. Posteriormente realizaranse comparacións e vinculacións entre as categorías e os temas propostos ³².
7. **Verificación da estrutura:** representación gráfica das relacións entre as temáticas (diagrama de fluxo)

Para facilitar o manexo dos datos durante a análise empregárase o programa informático Atlas.ti.

Durante a análise de datos levarase a cabo triangulación de investigadoras. A análise realizarase por tres investigadoras diferentes e, posteriormente, consensuaráanse os códigos, as categorías e os temas de forma conxunta.

10.10 Rigor metodolóxico

Toda investigación deberá levarse a cabo seguindo uns criterios de calidade e rigor para valorar a aplicabilidade dos métodos de investigación e das técnicas de análise para a obtención e procesamento de datos. Os criterios nos que basearemos este estudo serán os descritos por Noreña et al., os cales se mostran na táboa V ³³:

Táboa V: Criterios de rigor na investigación cualitativa

Criterio	Característica do criterio	Procedemento
Credibilidade	Aproximación dos resultados dunha investigación fronte ao fenómeno observado	<ul style="list-style-type: none"> • Verificación dos resultados por parte dos participantes: unha vez redactados os resultados, discutiranse coas participantes en reunións individuais. • Observación continua e prolongada do fenómeno • Triangulación de investigadores/as.
Transferabilidade	Os resultados da investigación non son xeneralizables pero si transferibles	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición detallada do contexto e dos participantes • Mostreo teórico • Recollida exhaustiva de datos
Consistencia	A complexidade da investigación cualitativa dificulta a estabilidade dos datos. Tampouco é posible a replicación exacta do estudo	<ul style="list-style-type: none"> • Triangulación de investigadores/as. • Emprego do avaliador externo • Descrición detallada do proceso de recollida, análise e interpretación de datos
Neutralidade	Os resultados da investigación deben garantir a veracidade das descrições realizadas polos participantes	<ul style="list-style-type: none"> • Transcricións textuais das entrevistas • Contraste dos resultados coa literatura existente • Revisión dos descubrimentos doutros/as investigadores/as • Identificación e descrición de limitacións e alcance do/a investigador/a
Relevancia	Permite avaliar o logro dos obxectivos plantexados e saber se se obtivo un mellor coñecemento do fenómeno de estudo	<ul style="list-style-type: none"> • Configuración de novos plantexamentos teóricos ou conceptuais • Correspondencia entre a xustificación e os resultados obtidos
Adecuación teórico-epistemolóxica	Correspondencia adecuada do problema por investigar e da teoría existente	<ul style="list-style-type: none"> • Contraste da pregunta cos métodos • Axustes de deseño

10.11 Limitacións do estudo

A principal limitación deste estudo podería ser a falta de participación por parte das mulleres que se atopan na fase do climaterio ou da menopausa, xa que se abordarán temas persoais e íntimos relacionados con esta etapa.

En relación á técnica de recollida de datos, o emprego das entrevistas semi-estructuradas pode influír nas respostas das mulleres, xa que é posible que non queiran responder a algunhas preguntas por sentirse avergoñadas polas súas respostas ou que non se mostren confortables no momento da entrevista.

No caso de que non se alcance o tamaño de mostra necesario para o estudo, ampliarase ás mulleres que se atopan durante a fase do climaterio ou da menopausa da Área Sanitaria de A Coruña.

11 PLAN DE TRABAJO

Na táboa VI móstrase o plan de traballo deseñado para o estudo:

Táboa VI: Cronoloxía do traballo

FASES/ACCIÓNS DO TRABALLO REALIZADO			2021			2022						
			SET - OUT	NOV	DEC	XAN - FEB	MAR	ABR - MAI	XUÑ	XUL - AG O	SET - OUT	NO V - DEC
Busca bibliográfica												
	Etapa 1: Entrada ao campo	Busca de contactos a través das matronas dos SAP da Área Sanitaria de Ferrol										
		Contacto con los participantes										
		1ª cita coas posibles participantes: explicación do estudo ao que se someterían e averiguar se van a participar										
		Concretar as participantes do estudo										
	Etapa 2: Recollida de datos	Entrevistas										
	Etapa 3: Análise dos datos	Procesamento de datos										
		Análise de los datos										
	Etapa 4: Resultados	Elaboración de resultados, conclusións e limitacións. Envío das solucións ás participantes e correccións oportunas.										
		Elaboración do informe final										
	Etapa 5: Difusión dos resultados	Difusión da información										

12 ASPECTOS ÉTICOS

Para poñer en marcha este estudo, o proxecto de investigación deberá obter o informe favorable do Comité Autonómico de Ética da Investigación de Galicia (CAEI) e o permiso de acceso ao campo por parte da Dirección de Procesos da Área Sanitaria de Ferrol e por parte da Dirección dos diferentes Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol que dispoñan de unidades de psicoprofilaxe-obstétrica (ver ámbito de estudo). Adxúntase a carta de presentación de documentación ao CAEIG e a Solicitud de acceso á poboación do estudo dependente da Área Sanitaria de Ferrol (ver anexo VI e VII). Tamén será necesario engadir o compromiso das/os matronas/matróns como investigadoras/es colaboradoras/os do estudo (anexo II) .

A investigación realizarase baixo o marco ético da Declaración de Helsinki, o Informe Belmont e o Convenio de Oviedo, asegurando o cumprimento dos principios bioéticos básicos de respecto cara as persoas, xustiza, beneficencia e non maleficiencia:

- **Declaración de Helsinki:** declaración de principios éticos para a investigación médica con seres humanos, incluída a investigación sobre material e datos humanos identificables. Foi adoptada pola 18 Asamblea Médica Mundial en Helsinki, Finlandia en xuño de 1964 e enmendada un total de 7 veces ³⁴.
- **Informe Belmont:** nel identifícanse tres principios ou conceptos xerais establecidos que se relacionan coas investigacións que inclúen suxeitos humanos (respecto ás persoas, beneficencia e xustiza) ³⁵.
- **O Convenio de Oviedo:** convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da Bioloxía e a Medicina firmado o 4 de abril de 1997 ³⁶.

Antes de realizar as entrevistas asegurárase que cada participante entenda o propósito da mesma e os obxectivos do estudo e que os resultados serán divulgados no ámbito científico. Aportarase toda a información que soliciten e para a participación será imprescindible ter revisado previamente e firmada a folla informativa na cal se explica a metodoloxía e os obxectivos que se queren acadar coa investigación (anexo III), ademais do consentimento informado (anexo IV).

A participación é de carácter altruísta e voluntaria podendo abandonar o proceso no caso de non querer seguir co estudo sen necesidade de dar explicacións. Se a participante toma esta decisión, todos os seus datos serán eliminados.

A investigadora comprometerase a manter o anonimato das participantes, xa que ao realizar as entrevistas no LICCs garante que os profesionais sanitarios non saiban que mulleres participan no estudo e, polo tanto, elas poidan sentirse libres de expresarse, sen que isto poida interferir negativamente na asistencia sanitaria recibida. Asegurarase que as entrevistas se realizarán nun ambiente íntimo, sen que poidan acceder persoas alleas ao estudo, e de confianza, xa que ao abordarse unha temática sensible, é necesario estar preparados para saber responder ás emocións das participantes durante a reunión. O dereito de confidencialidade e de intimidade das participantes manterase durante todo o proceso da investigación de acordo ao que se establece na lexislación vixente da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais ³⁷ e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica ³⁸.

As gravacións estarán gardadas baixo clave no ordenador da investigadora e serán destruídas unha vez realizada á análise final dos datos. As transcripcións e gravacións mediante as cales as participantes poidan sentirse identificadas serán eliminadas.

A cada participante asignaráselle un código alfanumérico (EX) para posteriormente nomear así cada transcripción das entrevistas e deste xeito garantir o anonimato e a confidencialidade.

13 PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

O obxectivo final de toda investigación é a difusión dos seus resultados e das conclusións nun ámbito científico para así chegar ao maior número de profesionais posible. Para isto, este estudo difundirase a través de revistas científicas, congresos e xornadas.

En canto ás revistas científicas nas que se pretende difundir os resultados seleccionáronse revistas nacionais e internacionais, enfermeiras e multidisciplinares, tendo en conta os seguintes aspectos:

- **Indicadores de estrutura:** refírense ao cumprimento dos parámetros de normalización editorial e os de procesos, de parámetros de xestión, de visibilidade e de revisión por pares ³⁹.
- **Indicadores de resultados:** refírense ao número de accesos ou de artigos descargados por mes ou por ano e o número de citas bibliográficas dos artigos publicados en revistas, dentro dos cales se atopa o factor de impacto ³⁹:
 - o **Factor de impacto (FI):** é a medida da frecuencia coa cal un artigo dunha revista foi citado nun determinado ano. Pretende medir o grado de difusión e prestixio que ten unha publicación ⁴⁰.

$$FI \text{ ano} = \frac{n^{\circ} \text{ citas ano recibidas } x \text{ artigos publicados nos 2 anos previos}}{\text{total artigos publicados nos 2 años previos}}$$

Táboa VII: Revistas Nacionais con factor de impacto segundo Cuiden 2019 :

REVISTA	OBXECTIVOS E ALCANCE	ISSN	FACTOR DE IMPACTO
Index de Enfermería	Revista sobre os coidados da saúde con énfase na abordaxe fenomenolóxica e investigación cualitativa. Publica artigos orixinais, revisións, editoriais, cartas científicas, etc.	1132-1296	1,333
Enfermería Global	Revista española que publica tanto artigos orixinais como revisións sobre investigación, docencia, asistencia e administración enfermeira.	1695-6141	0,650
Enfermería Clínica	Revista científica con revisión por pares que abarca diferentes ámbitos da enfermaría (asistencia, xestión, docencia e investigación). Publica prioritariamente investigación orixinal.	1130-8621	0,585

Táboa VIII: Revistas con factor de impacto JCR:

REVISTA	PAÍS	OBJECTIVOS E ALCANCE	ISSN	FACTOR DE IMPACTO(JCR)
American Journal of Obstetrics and Gynecology	Estados Unidos	Cubre o espectro completo de Obstetricia e Xinecoloxía. O seu obxectivo é a publicación de investigacións orixinais, reseñas, entrevistas, etc, cun impacto que permita cambiar a práctica clínica sobre a saúde das mulleres	0002-9378	6,502
Obstetrics & Gynecology	Estados Unidos	É a publicación oficial do Colexio Americano de Obstetras e Xinecólogos (ACOG). O obxectivo da revista é promover a excelencia na práctica clínica da obstetricia e a xinecoloxía e campos relacionados.	0029-7844	5,524
Bjog-an International Journal of Obstetrics and Gynaecology	Inglaterra	Publica investigacións orixinais revisadas por pares en todas as áreas de Obstetricia e Xinecoloxía.	1470-0328	4,663

Táboa IX: Revistas con factor de impacto SJR:

REVISTA	PAÍS	OBXECTIVOS E ALCANCE	FACTOR DE IMPACTO (SJR)
Women's Health Issues	Países Baixos	Revista multidisciplinaria bimensual revisada por pares que publica investigacións e artigos de revisión relacionados coa atención da saúde da muller	1,251
International Journal of Women's Health	Nova Zelandia	Revista internacional revisada por pares que publica investigacións orixinais, informes, etc relacionados coa atención médica da muller	0,907
Journal of Midwifery & Women's Health	Estados Unidos	Revista oficial do American College of Nurse-Midwives. Inclúe novas investigacións e coñecementos actuais sobre atención perinatal, xinecoloxía, saúde sexual e reprodutiva entre outros.	0,522

Ademais da publicación en revistas científicas, os resultados do estudo difundiránse en congresos nacionais e internacionais para acadar unha maior visibilidade. Seleccionáronse os seguintes:

- **Congreso Nacional de Matronas:** o congreso vai dirixido a matronas de toda España para reflexionar sobre distintos aspectos e acadar unha atención de máxima calidade e innovar neste campo de actuación ⁴¹.
- **Congreso Nacional da Asociación Española para o Estudo da Menopausa (AEEM):** realízase anualmente e en cidades distintas da península. Vai dirixido a matronas/matróns, enfermeiras/os e residentes da especialidade obstétrico-xinecolóxica. O seu obxectivo principal é entender a calidade de vida das mulleres abordándoa dunha maneira integral en colaboración coas autoridades sanitarias e

establecendo alianzas entre as sociedades científicas con interese da atención á muller nesta etapa da vida ⁴².

- **Congreso do Consello Internacional de Enfermeiras (CIE)**: organizado polo Consello Internacional de Enfermería con gran prestixio a nivel internacional. Celébrase cada catro anos en distintas cidades do mundo ⁴³.
- **Congreso da Sociedade Internacional da Menopausa “International Menopause Society” (IMS)**: realízase cada dous anos en diferentes cidades do mundo e abarca múltiples temáticas sobre a saúde das mulleres durante o climaterio e a menopausa. O obxectivo da IMS é traballar a nivel mundial para promover e apoiar o acceso ás mellores prácticas de atención médica para as mulleres durante a transición da menopausa e os anos posteriores á reprodución, permitíndolles lograr un estado de saúde e benestar óptimos ⁴⁴.

14 FINANCIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

14.1 Recursos necesarios

Na seguinte táboa refléxanse os recursos que serán necesarios para a elaboración do proxecto de estudo:

Táboa X: Recursos para a elaboración do estudo

RECURSOS NECESARIOS	COSTE UNITARIO		COSTE TOTAL
Infraestruturas			
A recollida, o procesamento e a análise de datos realizarase no LICCs.	0€		0€
Recursos Humanos			
Colaboración das matronas/matróns dos Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol para a selección de participantes.	Colaboración altruísta		
Recursos materiais	Coste/Unidade	Cantidade	Coste total
• Material funxible			
Folios	3€/500 folios	4 paquetes	12€
Bolígrafos	0,3€	12	3,6€
Rotuladores	0,5€	7	3,5€
Carpetas	2€	20	40€
• Material inventariable			
Impresora	80€	1	80€
Toner impresora	65€	1	65 €
Ordenador persoal Huawei Matebook D 14"	699€	1	699€
Memoria USB 32 GB	8€	1	8€
Gravadora de voz	55€	1	55€
Botellas de auga para os participantes durante as entrevistas (30 unidades aprox.)	0,20€	20	6€
Licencia de estudante ATLAS.ti	75€	1	75€
Gastos de emisión de correo certificado (30 aprox.)	4€	20	120€
Difusión de resultados			
Inscripción a eventos (x4)			1000€
Traductor	250€	4	1000€
Estancia e desprazamentos	300€	4	1200€
Publicación en revistas	1500€		1500€
Gastos de desprazamento	0,20€/km		700€
Outros gastos			
Gastos administrativos (10% do total)			656,71€
		TOTAL	6567,1€

14.2 Posibles fontes de financiación

- **Bolsa de investigación da Diputación de A Coruña:** concédese a titulados universitarios que residan na provincia de A Coruña e que pretendan realizar un traballo de investigación na área de ciencias da saúde cumprindo unha serie de requisitos. A contía da bolsa é de 10.000 €.
- **Fundación MAPFRE:** Axudas á investigación Ignacio H. Larramendi cuxo importe económico ascende a un total de 240.000€ e que se centran en dar apoio para a realización de proxectos de investigación en Promoción da Saúde.
- **Axudas Acción Estratéxica de Saúde do Instituto Carlos III.**

15 REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica sobre el abordaje de síntomas vasomotores y vaginales asociados a la menopausia y la postmenopausia. Guía de Práctica Clínica Sobre el abordaje de síntomas vasomotores y vaginales asociados a la menopausia y la postmenopausia. Ministerio de Sanidad. Servicios Sociales e Igualdad. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Andalucía (AETSA); 20¹. Guías de Práctica Clínica en el SNS.
2. Guías Técnicas do Plan de Atención Integral á Saúde da Muller. Guía Técnica do Proceso de Atención ao Climaterio. Xunta de Galicia. Versión 1. Setembro 2008. Guías, procesos e protocolos do Servizo Galego de Saúde.
3. OPS/OMS Ecuador - Decembro 19, 2013 | OPS/OMS [Internet]. Pan American Health Organization / World Health Organization. 2013 [consultado 5 de febreiro de 2021]. Disponible en: https://www.paho.org/ecu/index.php?option=com_content&view=article&id=1089:diciembre-19-2013&Itemid=972
4. Suárez del Puerto, H. El ABC de la Ginecología y Obstetricia. 1ª Ed: México D.F: Editorial Afil, S.A. de C.V; 2015
5. Lema L del PL, Logroño IN. Impacto del síndrome climatérico en la función sexual. La Ciencia al Servicio de la Salud. 2018;8(2):36-44
6. Vargas-Fandiño ÁJ, Leal-Vargas EH, Castillo-Zamora MF, Restrepo-Castro OI, Zambrano-Vera ME, Plazas-Vargas M. Percepción de la menopausia y la sexualidad en mujeres adultas mayores en dos hospitales universitarios de Bogotá, Colombia, 2015. Rev Colomb Obstet Ginecol. 2016;67(3):197.
7. Faubion SS, Kapoor E, Kling JM, Kuhle CL, Sood R, Rullo JE, et al. Data Registry on Experiences of Aging, Menopause, and Sexuality (DREAMS): A cohort profile. Maturitas. 2018; 107:44-9.

8. Zanotelli SS, Ressel LB, Borges ZN, Junges CF, Sanfelice C. Experiences of women about climacteric in a unit of family health. *Revista de Pesquisa: Cuidado é fundamental online*. 2012;4(1):2800-11.
9. Tremayne P, Norton W. Sexuality and the older woman. *Br J Nurs*. 2017;26(14):819-24.
10. Lugones Botell M, Lugones Botell M. Aspectos éticos y sociales de la sexualidad de la mujer en el climaterio y la posmenopausia. *Revista Cubana de Obstetricia y Ginecología* [Internet]. 2019 [consultado 9 de febreiro de 2021];45(3). Disponible en: http://scielo.sld.cu/scielo.php?script=sci_abstract&pid=S0138-600X2019000300002&lng=es&nrm=iso&tlng=es
11. OMS | Salud sexual [Internet]. WHO. World Health Organization; [consultado 7 de febreiro de 2021]. Disponible en: http://www.who.int/topics/sexual_health/es/
12. Carcelén-Fraile M del C, Aibar-Almazán A, Martínez-Amat A, Cruz-Díaz D, Díaz-Mohedo E, Redecillas-Peiró MT, et al. Effects of Physical Exercise on Sexual Function and Quality of Sexual Life Related to Menopausal Symptoms in Peri- and Postmenopausal Women: A Systematic Review. *Int J Environ Res Public Health* [Internet]. 2020 [consultado 7 de febreiro de 2021];17(8). Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC7215442/>
13. Maciel MR, Lima GTC de, Conde MC, Parauta TC, Saldanha BL, Lemos A. Demandas de mulheres no climatério na Estratégia Saúde da Família: estudo descritivo. *Online braz j nurs (Online)* [Internet]. 2018 [consultado 9 de febreiro de 2021]; Disponible en: <http://www.objnursing.uff.br/index.php/nursing/article/view/6135/html>
14. Dąbrowska-Galas M, Dąbrowska J, Michalski B. Sexual Dysfunction in Menopausal Women. *Sexual Medicine*. 2019;7(4):472-9.
15. Thomas HN, Hamm M, Hess R, Thurston RC. Changes in sexual function among midlife women: "I'm older... and I'm wiser." *Menopause*. 2018;25(3):286-292.

16. Javadivala Z, Merghati-Khoei E, Underwood C, Mirghafourvand M, Allahverdipour H. Sexual motivations during the menopausal transition among Iranian women: a qualitative inquiry. BMC Womens Health [Internet]. 2018 [consultado 7 de febreiro de 2021];18. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC6260987/>
17. Domínguez AMP, Bernal FJN, Casamitjana AB. Programa de educación sexual en el climaterio. Hygia de enfermería: revista científica del colegio. 2019;(100):67-70.
18. Almeida M de JS de, Peixoto C, Ribeiro TT de SB, Silva LM da, Veras AB. Terapia cognitivo-comportamental em grupo para a disfunção sexual na pós-menopausa. J bras psiquiatr. 2018;67(4):231-8.
19. Martins M, Bandeira VAC, Gewehr DMG, Berlezi EM. Prevalence and factors associated with sexual dysfunction in climacteric women. Mundo saúde (Impr). 2018;642-55.
20. Ruiz Olabuénaga JO Josê Ignacio. Teoría y práctica de la investigación cualitativa [Internet]. Bilbao: Universidad de Deusto; 2012 [consultado el 15 de marzo de 2021] Disponible en: HTTP://sfx.bugalicia.org/aco?url_ver=Z39.88-2004&rft_val_fmt=info%3Aofi%2Ffmt%3Akev%3Amtx%3Abook&rft.date=2012&rft.title=Teor%C3%ADa%20y%20pr%C3%A1ctica%20de%20la%20investigaci%C3%B3n%20cualitativa&rft.isbn=978-84-9830-313-1&rft.aufirst=Jos%C3%A9%20Ignacio&rft.aulast=Ruiz%20Olabu%C3%A9naga&rft_id=info%3Asid%2Fdiagonalnet%3Alibros&rft.genre=book&rft.btitle=Teor%C3%ADa%20y%20pr%C3%A1ctica%20de%20la%20investigaci%C3%B3n%20cualitativa
21. Blesa Aledo B, Cobo de Guzmán Godino F, García Jiménez M, Gehrig R, Muñoz Sánchez P, Palacios Ramírez J, et al. Guía de criterios básicos de calidad en la investigación cualitativa. 1ª Edición. Murcia: Universidad Católica San Antonio de Murcia; 2014
22. Guerrero Bejarano MA. La Investigación Cualitativa. INNOVA Research Journal. 2016;1(2):1-9.

23. Guillen F, Elida D. Investigación cualitativa: Método fenomenológico hermenéutico. Propósitos y Representaciones. 2019;7(1):201-29.
24. Guerrero-Castañeda RF, Prado ML, Kempfer SS, Ojeda Vargas MG. Momentos del Proyecto de Investigación Fenomenológica en Enfermería. Index de Enfermería. 2017;26(1-2):67-71.
25. Xunta de Galicia. Área Sanitaria de Ferrol. Memoria 2018. [Consultado el 15 de marzo de 2021]. Disponible en: <https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/cas/Publicaciones/Docs/AtEspecializada/PDF-2802-es.pdf>
26. Martínez-Salgado C. El muestreo en investigación cualitativa: principios básicos y algunas controversias. Ciênc saúde coletiva. 2012;17(3):613-9.
27. Pedraz Marcos A, Colón JZ, Palmar Santos AM, Ramasco Gutiérrez M. Investigación cualitativa [Internet]. Elsevier; 2014. [consultado el 17 de marzo de 2021] Disponible en: https://sfx.bugalicia.org/aco?ctx_enc=info%3Aofi%2Fenc%3AUTF-8&ctx_id=10_1&ctx_tim=2021-03-15T19%3A13%3A14CET&ctx_ver=Z39.88-2004&rft_id=info%3Asid%2Fsfxit.com%3Acitation&rft.btitle=investigaci%C3%B3n%20cualitativa&rft.genre=book&rft_val_fmt=info%3Aofi%2Ffmt%3Akev%3Amtx%3Ajournal&url_ctx_fmt=info%3Aofi%2Ffmt%3Akev%3Amtx%3Actx&url_ver=Z39.88-2004
28. Patricia S, Inés C. Técnicas y estrategias en la investigación cualitativa. 1ª Ed. La plata, Buenos Aires: Editorial de la Universidad de La Plata; 2016.
29. Cano Arana A, González Gil T. Introducción al análisis de datos en investigación cualitativa: Tipos de análisis y proceso de codificación (II) | NURE Investigación. [revista en internet]. 2010 [consultado 3 de maio de 2021]; Disponible en: <https://www.nureinvestigacion.es/OJS/index.php/nure/article/view/485>
30. Escalante Gómez E, Páramo Compliadores MA. Aproximación al análisis de datos cualitativos. 1ª Ed. Mendoza: Universidad del Aconcagua; 2011

31. Morrow R, Rodriguez A, King N. Colaizzi's descriptive phenomenological method. *The psychologist*. 2015; 28(8), 643-644
32. Normas APA. Categorizar y codificar los datos en tesis cualitativas [Internet]. 2017 [consultado 3 de maio de 2021]. Disponible en: <https://normasapa.net/categorizar-codificar-datos-tesis-cualitativas/>
33. Noreña AL, Alcaraz-Moreno N, Rojas JG, Rebolledo-Malpica D. Aplicabilidad de los criterios de rigor y éticos en la investigación cualitativa. *Aquichan*. 2012;12(3):263-74
34. WMA - The World Medical Association-Declaración de Helsinki de la AMM – Principios éticos para las investigaciones médicas en seres humanos [Internet]. [consultado 29 de marzo de 2021]. Disponible en: <https://www.wma.net/es/policies-post/declaracion-de-helsinki-de-la-amm-principios-eticos-para-las-investigaciones-medicas-en-seres-humanos/>
35. The National Commission for the Protection of Human Subjects of Biomedical and Behavioral Research. The Belmont Report [internet]. Washington: US Governmet Printing Office, 1979 [consultado el 29 de abril de 2021]. Disponible en: <https://www.hhs.gov/ohrp/regulations-and-policy/belmont-report/index.html>
36. Juan AM. Convenio para la protección de los derechos humanos y la dignidad del ser humano con respecto a las aplicaciones de la biología y la medicina. 1999;6
37. Samper MB. Protección de datos personales: Esquemas [Internet]. 1.ª ed. Dykinson; 2020 [consultado 29 de marzo de 2021]. Disponible en: <http://www.jstor.org/stable/10.2307/j.ctv17hm980>
38. Ley 41/2002, de 14 de noviembre, básica reguladora de la autonomía del paciente y de derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica. :14.
39. Miyahira Arakaki JM. Criterios de calidad de las revistas científicas. *Revista Medica Herediana*. 2008;19(1):01-4.

40. Universidad de Deusto. Biblioguías Deusto: Journal Citation Reports: Factor de Impacto [Internet]. Deusto. Universidad de Deusto [consultado 29 de marzo de 2021]. Disponible en: <https://biblioguias.biblioteca.deusto.es/c.php?g=174230&p=3336181>
41. Asociación Española de Matronas. Congresos [internet] [consultado 5 de abril de 2021]. Disponible en: <https://aesmatronas.com/congresos/>
42. Asociación Española para el Estudio de la Menopausia. Congreso AEEM [Internet]. [consultado 5 de abril de 2021]. Disponible en: <https://www.congresoaeem.com/>
43. ICN Congress 2021 – Nursing Around the world [Internet]. [consultado 6 de abril de 2021]. Disponible en: <https://icncongress2021.org/es/>
44. Mission and Vision of the IMS [Internet]. International Menopause Society. [consultado 3 de maio de 2021]. Disponible en: <https://www.imsociety.org/about-us/mission/>

16 ANEXOS

16.1 Anexo I: Listado de táboas

- Táboa I: Estratexia de busca bibliográfica.
- Táboa II: Bibliografía máis relevante.
- Táboa III: Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol con unidades de psioprofilaxe-obstétrica.
- Táboa IV: Criterios de inclusión e de exclusión.
- Táboa V: Criterios de rigor na investigación cualitativa.
- Táboa VI: Plan de traballo.
- Táboa VII: Revistas Nacionais con factor de impacto segundo Cuiden 2019.
- Táboa VIII: Revistas con factor de impacto JCR.
- Táboa IX: Revistas con factor de impacto SJR
- Táboa X: Recursos pa a elaboración do estudo

16.2 Anexo II: Documento Investigador/a-Colaborador/a

Eu....., con
 DNI..... e matrona/matrón no Centro de Saúde,
 colaborarei no estudo de Fátima Mato Jamardo, chamado “Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa” da seguinte forma:

- Dando a coñecer o estudo ás mulleres participantes e solicitando a súa colaboración.
- Entregando un documento ás participantes no que cederán os deus datos persoais (nome, DNI, teléfono) para que a investigadora poida poñerse en contacto con elas.

Fdo.: O/a investigador/a colaborador/a

Fdo.: A investigadora principal

Nome e apelidos:

Nome e apelidos: Fátima Mato Jamardo

Data:

Data:

16.3 Anexo III: Folla informativa (Galego)

FOLLA DE INFORMACIÓN Á PARTICIPANTE ADULTA

TÍTULO DO ESTUDO: Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa.

INVESTIGADORA: Fátima Mato Jamardo

Este documento ten por obxecto ofrecer información sobre **un estudo de investigación** no que se lle invita a participar. Este estudo foi aprobado polo Comité de Ética da Investigación de Galicia.

Se decide participar no mesmo debe recibir información personalizada do investigador, **ler antes este documento** e facer todas as preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo. Se así o desexa pode levar o documento, consúltalo con outras persoas e tomar o tempo necesario para decidir se participar ou non.

A participación neste estudo é completamente **voluntaria**. Vd. Pode decidir non participar ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen obriga de dar explicacións.

Cal é a finalidade do estudo?

O propósito deste estudo é coñecer cales son as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual. Do mesmo xeito, a través deste estudo tamén se queren identificar as necesidades de información sobre a saúde sexual, as súas fontes de información e coñecer o impacto persoal e social desta etapa (climaterio e menopausa) nas mulleres.

A realización deste estudo permitirá nun futuro mellorar as dificultades que presentan as mulleres durante o climaterio e a menopausa e a asistencia sanitaria. Para iso, é necesario contar coa súa participación.

Por que me ofrecen participar a min?

Vd. é invitado a participar porque cumpre os requisitos de inclusión expostos anteriormente na metodoloxía.

En que consiste a miña participación?

A participación consiste nunha entrevista semi-estructurada e individual. A entrevista terá unha duración de 1 hora aproximadamente. Durante este tempo realizaráselle unha serie de preguntas de resposta aberta.

Trala realización da entrevista, é posible que sexa necesario volver a contactar con vostede ben para obter datos que se consideren importantes ou para matizar algúns aspectos que xa fosen tratados.

Toda persoa que decida participar na realización da investigación deberá ser o máis sincero e serio posible á hora de realizar a entrevista para que os datos sexan o máis realistas posible.

O investigador pode decidir finalizar o estudo antes do previsto ou interromper a súa participación. En todo caso, informaráselle dos motivos da súa retirada.

Que molestias ou inconvenientes ten?

Durante as entrevistas realizaráselle preguntas relacionadas coa súa saúde sexual durante o climaterio e a menopausa que poden resultar difíciles de contestar ou incómodas. Neste caso pode pedir que non se lle formulen certa/s preguntas, sen necesidade de dar explicacións ou polo contrario abandonar o estudo en calquera momento.

Obterei algún beneficio por participar?

Non se espera que Vd. obteña beneficio directo por participar no estudo. A investigación pretende descubrir aspectos descoñecidos ou pouco claros sobre as experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual. Esta información poderá ser de utilidade para mellorar a práctica clínica.

Recibirei a información que se obteña do proceso?

Se Vd. o desexa, facilitaráselle un resumo dos resultados do estudo.

Publicaranse o resultados deste estudo?

Os resultados deste estudo serán remitidos a publicacións científicas para a súa difusión, pero non se transmitirá ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

Información referente a datos/mostras:

A obtención, tratamento, conservación, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme ao disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016) e a normativa española sobre protección de datos de carácter persoal vixente.

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados seudonimizados (codificados), a seudonimación é o tratamento de datos persoais de xeito que non poden atribuírse a un/a interesado/a sen que se use información adicional. Neste estudo soamente un equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

A normativa que regula o tratamento de datos de persoas outórgalle o dereito a acceder aos seus datos, opoñerse, corrixilos, cancelalos, limitar o seu tratamento e restrinxir ou solicitar a supresión destes. Tamén pode solicitar unha copia destes ou que esta sexa remitida a un terceiro (dereito de portabilidade).

Unicamente o equipo investigador ten o deber de gardar a confidencialidade e terá acceso a todos os datos recollidos polo estudo. Poderase transmitir a terceiros información que non poida ser identificada. No caso de que algunha información se transmita a outros países, realizarase cun nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, ao establecido pola normativa española e europea.

Ao finalizar o estudo, os datos recollidos serán eliminados.

Existen intereses económicos neste estudo?

O investigador non recibirá retribución específica pola dedicación ao estudo e Vd. non será retribuído por participar.

Como contactar co equipo investigador deste estudo?

Vd. pode contactar con Fátima Mato Jamardo no teléfono XXXXXXXXX e/ou correo electrónico [REDACTED]

Moitas grazas pola súa colaboración.

16.4 Anexo III: Hoja informativa (Castelán)

HOJA DE INFORMACIÓN A LA PARTICIPANTE ADULTA

TÍTULO DEL ESTUDIO: Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa.

INVESTIGADORA: Fátima Mato Jamardo

Este documento tiene por objeto facilitarle información sobre un estudio de investigación en el que se le invita a participar. Este estudio fue aprobado por el Comité de Ética de la Investigación de Galicia.

Si decide participar en el mismo, debe recibir información personalizada del investigador, leer antes el documento y hacer todas las preguntas que precise para comprender los detalles sobre el mismo. Si así lo desea puede llevar el documento, consultarlo con otras personas y tomarse el tiempo necesario para decidir si participar o no.

La participación en este estudio es completamente voluntaria. Ud. puede decidir no participar o, si acepta hacerlo, cambiar de parecer retirando el consentimiento en cualquier momento sin tener que dar explicaciones.

¿Cuál es la finalidad del estudio?

El propósito de este estudio es conocer cuáles son las experiencias de las mujeres durante el climaterio y la menopausia relativas a su salud sexual. Del mismo modo, a través de este estudio también se pretende conocer las necesidades de información sobre la salud sexual, las fuentes de información y conocer el impacto personal y social de esta etapa (climaterio y menopausia) en las mujeres.

La realización de este estudio permitirá en un futuro mejorar las dificultades que presentan las mujeres durante el climaterio y la menopausia y la asistencia sanitaria. Para ello, es necesario contar con su participación.

¿Por qué me ofrecen para participar?

Ud. es invitado a participar porque cumple los requisitos de inclusión expuestos anteriormente en la metodología.

¿En qué consiste mi participación?

La participación consiste en una entrevista semi-estructurada e individual. La entrevista tendrá una duración de 1 hora aproximadamente. Durante este tiempo se le realizarán una serie de preguntas de respuesta abierta.

Tras la realización de la entrevista, es posible que sea necesario volver a contactar con Ud. bien para obtener datos que se consideren importantes o para matizar algunos aspectos que ya hubiesen sido tratados.

Toda persona que decida participar en la realización de la investigación deberá ser lo más sincera y seria posible a la hora de realizar la entrevista para que los datos sean lo más realistas posible.

El investigador puede decidir finalizar el estudio antes de lo previsto o interrumpir su participación. En todo caso, se le informará de los motivos de su retirada.

¿Qué molestias o inconvenientes tiene?

Durante las entrevistas se le harán preguntas relacionadas con su salud sexual durante el climaterio y la menopausia que pueden resultar difíciles de contestar o incómodas. En este caso puede pedir que no se le formulen cierta/s preguntas, sin necesidad de dar explicaciones o por el contrario, abandonar el estudio en cualquier momento.

¿Obtendré algún beneficio por participar?

No se espera que Ud. obtenga beneficio directo por participar en el estudio. La investigación pretende descubrir los aspectos desconocidos o poco claros sobre las experiencias de las mujeres durante el climaterio y la menopausia relativas a su salud sexual. Esta información podrá ser de utilidad para mejorar la práctica clínica.

¿Recibiré la información que se obtenga del estudio?

Si Ud. lo desea, se le facilitará un resumen de los resultados del estudio.

¿Se publicarán los resultados de este estudio?

Los resultados de este estudio serán remitidos a publicaciones científicas para su difusión, pero no se transmitirá ningún dato que pueda llevar a la identificación de los participantes.

Información referente a datos/muestras:

La obtención, tratamiento, conservación, comunicación y cesión de sus datos se hará conforme a lo dispuesto en el Reglamento General de Protección de Datos (Reglamento UE 2016-679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016) y la normativa española sobre protección de datos de carácter personal vigente.

Los datos necesarios para llevar a cabo este estudio serán recogidos y conservados seudonimizados (codificados), la seudonimización es el tratamiento de datos personales de manera tal que no pueden atribuirse a un/a interesado/a sin que se use información adicional. En este estudio solamente el equipo investigador conocerá el código que permitirá saber su identidad.

La normativa que regula el tratamiento de datos de personas le otorga el derecho a acceder a sus datos, oponerse, corregirlos, cancelarlos, limitar su tratamiento, restringir o solicitar la supresión de estos. También puede solicitar una copia de éstos o que ésta sea remitida a un tercero (derecho de portabilidad).

Únicamente el equipo investigador tiene el deber de guardar la confidencialidad, tendrá acceso a todos los datos recogidos por el estudio. Se podrá transmitir a terceros información que no pueda ser identificada. En el caso de que alguna información se transmita a otros países, se realizará con un nivel de protección de datos equivalente, como mínimo, al establecido por la normativa española y europea.

Al finalizar el estudio, los datos recogidos serán eliminados.

¿Existen intereses económicos en este estudio?

El investigador no recibirá retribución específica por la dedicación al estudio y Ud. no será retribuido por participar.

¿Cómo contactar con el equipo investigador de este estudio?

Ud. puede contactar con Fátima Mato Jamardo en el teléfono XXXXXXXXXX y/o correo electrónico [REDACTED]

Muchas gracias por su colaboración.

16.5 Anexo IV: Consentimento informado (Galego)

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO PARA A PARTICIPACIÓN NUN ESTUDO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO DO ESTUDO: Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa.

Eu,.....

- Lin a folla de información ao paciente do estudo arriba mencionado que se me entregou, puiden conversar con Fátima Mato Jamardo e facer todas as preguntas sobre o estudo.
- Comprendo que a miña participación é voluntaria, e que podo retirarme do estudo cando queira, sen ter que dar explicacións e sen que isto repercuta nos meus coidados médicos.
- Accedo a que se utilicen os meus datos nas condicións detalladas na folla de información ao paciente.
- Presto libremente a miña conformidade para participar neste estudo.

Ao terminar este estudo acepto que os meus datos sexan:

- Eliminados
- Conservados anonimizados para usos futuros noutras investigacións

Fdo.: O/a participante,

Fdo.: O/a investigador/a que solicite o consentimento

Nome e apelidos:

Nome e apelidos

Data:

Data:

16.6 Anexo IV: Consentimiento informado (Castelán)

DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO PARA LA PARTICIPACIÓN EN UN ESTUDIO DE INVESTIGACIÓN

TÍTULO DEL ESTUDIO: Experiencias de las mujeres durante el climaterio y la menopausia relativas a su salud sexual: un proyecto de Investigación Cualitativa.

Yo,.....

- Leí la hoja de información al participante del estudio arriba mencionado que se me entregó, pude conversar con Fátima Mato Jamardo y hacer todas las preguntas sobre el estudio.
- Comprendo que mi participación es voluntaria, y que puedo retirarme del estudio cuando quiera, sin tener que dar explicaciones y sin que esto repercuta en mis cuidados médicos.
- Accedo a que se utilicen mis datos en las condiciones detalladas en la hoja de información al participante.
- Presto libremente mi conformidad para participar en este estudio.

Al terminar este estudio acepto que mis datos sean:

- Eliminados
- Conservados anonimizados para usos futuros en otras investigaciones

Fdo.: El/la participante,

Fdo.: El/la investigador/a que solicita el consentimiento

Nombre y apellidos:

Nombre y apellidos:

Fecha:

Fecha:

16.7 Anexo V: Entrevista (Galego)

Factores sociodemográficos:

- Idade
- Sexo
- Número de fillos/as
- Debut climaterio/menopausa
- Parella
- Estado civil

Pregunta introdutoria:

- Cónteme como está vivindo o climaterio/menopausa (momento no que se percatou das primeiras perdas/síntomas, experiencias ao principio e ao longo do tempo)

Impacto persoal do climaterio/menopausa na súa sexualidade:

- Percibiches algún cambio físico/psicolóxico durante esta etapa? Se é que si, cales? De que maneira repercuten na túa vida e por que?
- De que maneira afrontaches os cambios? Utilizas algún tipo de estratexia para aliviar a sintomatoloxía? Si é que si, cal?
- Consideras que a menopausa produciu algún cambio na forma na que vives a túa sexualidade? Se é que si, de que forma?
- No caso de ter parella, consideras que o climaterio/menopausa interferiu dalgún xeito na relación (relacións sexuais). En caso afirmativo, de que xeito consideras que cambiou) Como afrontades como parella estes cambios?
- Utilizas algunha estratexia para manter a túa vida sexual (soa ou en parella)? Se é que si, cal?

Asesoramento recibido polos profesionais sanitarios e fontes de información:

- Consideras que tes a información suficiente sobre o climaterio/menopausa (sintomatoloxía, cambios físicos/psicolóxicos/sexuais, tratamentos e estratexias para paliar a sintomatoloxía, etc)?

- Buscaches algún tipo de recurso/información sobre os cambios físicos/psicolóxicos/sexuais producidos pola menopausa? Cales utilizaches? Como e porqué che axudaron?
- Algunha vez acudiches a algún profesional sanitario para resolver as tuas dúbidas con respecto ao climaterio/menopausa? En caso afirmativo: como percibiu o seu asesoramento? Como se sentiu? por que? En caso negativo: por que?
- Consideras que recibes apoio e asesoramento suficiente e adoitado por parte do persoal sanitario? Por que? Como cres que debería abordar este tema o persoal sanitario?
- Gustaríache facer algunha outra aportación?

16.7 Anexo V: Entrevista (Castelán)

Pregunta introductoria:

- Cuénteme como está viviendo el climaterio/menopausia (momento en el que se percató de las primeras pérdidas/síntomas, experiencias al principio y a lo largo del tiempo)

Impacto personal del climaterio/menopausia en su sexualidad:


- ¿Percibiste algún cambio físico/psicológico durante esta etapa? Si es que sí, ¿cuáles?
¿De qué manera repercuten en tu vida y por qué? ¿De qué manera afrontaste los cambios? ¿Utilizas algún tipo de estrategia para aliviar la sintomatología? Si es que sí, ¿cuál?
- ¿Consideras que la menopausia produjo algún cambio en la forma en la que vives tu sexualidad? Si es que sí, ¿de qué forma?
- En el caso de tener pareja, ¿consideras que el climaterio/menopausia interfirió de alguna forma en la relación (relaciones sexuales)? En caso afirmativo, ¿de qué forma consideras que cambió? ¿Cómo afrontáis como pareja estos cambios?
- ¿Utilizas alguna estrategia para mantener tu vida sexual (sola o en pareja)? Si es que sí, ¿cuál?
- ¿Hablaste con tus seres queridos sobre estos cambios (familia, pareja)? ¿De qué forma te brindaron apoyo?

Asesoramiento recibido por los profesionales sanitarios y fuentes de información:

- ¿Consideras que tienes información suficiente sobre el climaterio/menopausia (sintomatología, cambios físicos/psicológicos/sexuales, tratamiento y estrategias para paliar la sintomatología, etc)?
- ¿Buscaste algún tipo de recurso/información sobre los cambios físicos/psicológicos/sexuales producidos por la menopausia? ¿cuáles utilizaste? ¿cómo te ayudaron?
- ¿Alguna vez acudiste a algún profesional sanitario para resolver tus dudas con respecto al climaterio/menopausia? En caso afirmativo: ¿cómo percibiste el asesoramiento? ¿cómo te sentiste? ¿por qué? En caso negativo: ¿por qué?

- ¿Consideras que recibes el apoyo y asesoramiento suficiente y adecuado por parte del personal sanitario? ¿Cómo crees que debería abordar este tema el personal sanitario?
- ¿Te gustaría hacer alguna otra aportación?

16.8 Anexo VI: Carta de presentación de documentación ao CAEI de Galicia.



CARTA DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN A LA RED DE COMITÉS DE ÉTICA DE LA INVESTIGACIÓN DE GALICIA

D/Dª Fátima Mato Jamardo con teléfono XXXXXXXXXX e correo electrónico [REDACTED]

SOLICITA a avaliación de:

- Estudo **novο** de investigación
- Resposta ás aclaracións** solicitadas polo Comité
- Modificación ou Ampliación de outros centros** de un estudo xa aprobado polo Comité

DEL ESTUDIO:

Título: Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa.

Promotor: Non procede

- Marcar se o promotor é sen ánimo comercial e afirma que cumpre os requisitos para a exención de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia (máis información na web de comités)

Tipo de estudo:

- Ensaio clínico con medicamentos
- Investigación clínica con produtos sanitarios
- Estudo Posautorización con medicamento de seguimento Prospectivo (EPA-SP)
- Outros estudos non catalogados nas categorías anteriores

Investigadores e centros en Galicia: Dra. Carla Freijomil Vázquez (profesora), Facultade de Enfermaría e Podoloxía (Universidade de A Coruña).

E adxunto envío da documentación en base aos requisitos que figuran na web da Rede Galega de CEIs, e comprométome a ter dispoñibles para os participantes os documentos de consentimento aprobados en galego e castelán.

Data: En Ferrol, a 1 de novembro de 2021.

Firma: Fátima Mato Jamardo [REDACTED]

16.9 Anexo VII: Solicitude da Dirección de Procesos de Soporte da Área Sanitaria de Ferrol

Eu, Fátima Mato Jamardo con DNI [REDACTED] telf.: XXXXXXXXXX, correo: [REDACTED], alumna de 4º curso do Grado en Enfermaría da Facultade de Enfermaría e Podoloxía da Universidade de A Coruña, solicito permiso para realizar o meu estudo titulado “Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa”.

Para levalo a cabo solicitaréi a participación de mulleres durante o climaterio e a menopausa pertencentes á Área Sanitaria de Ferrol.

O estudo consistirá en entrevistas semi-estructuradas individuais ás participantes anteriormente mencionadas, que se ofrezan a colaborar no estudo. Cada entrevista terá unha duración aproximada de 1 hora e serán gravadas e transcritas cumprindo os aspectos de anonimato e confidencialidade.

A participación será completamente voluntaria e non suporá risco algún para o investigador nin para as entrevistadas.

Grazas pola súa atención.

Un saúdo.

Firma da estudante:

Firma dos titores:

16.10 Anexo VIII: Documento de cesión de datos persoais (Galego)

Eu,.....con DNI, dou o meu consentimento para que Fátima Mato Jamardo, investigadora principal do estudo “Experiencias das mulleres durante o climaterio e a menopausa relativas á súa saúde sexual: un proxecto de Investigación Cualitativa” poida poñerse en contacto comigo a través do número de teléfono..... coa finalidade de valorar a miña participación en dito estudo.

Data:

Firma participante:

16.10 Anexo VIII: Documento de cesión de datos personales (Castelán)

Yo,.....con DNI, doy mi consentimiento para que Fátima Mato Jamardo, investigadora principal del estudio “Experiencias de las mujeres durante el climaterio y la menopausia relativas a su salud sexual: un proyecto de Investigación Cualitativa” pueda ponerse en contacto conmigo a través del número de teléfono..... Con el fin de valorar mi participación en dicho estudio.

Data:

Firma participante: